

Probas selectivas convocadas por resolución da Xerencia do 30 de xuño de 2016, para a elaboración dunha listaxe de espera da escala auxiliar da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Segundo exercicio

CÓDIGO EXAME 111

- 1) Segundo o artigo 53 do Real decreto legislativo 5/2015, do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, é un principio ético que inspira o código de conduta dos empregados públicos:
 - a) Non absterse naqueles asuntos nos que teña un interese persoal, así como de toda actividade privada ou interese que poida supor un risco de suscitar conflitos de interese co seu posto público.
 - b) Aceptar trato de favor ou situación que implique privilexio ou vantaxe inxustificada, por parte de persoas físicas ou entidades privadas.
 - c) Respetar a Constitución e o resto de normas que integran o ordenamento xurídico.
 - d) Non axustar a súa actuación aos principios de lealdade e boa fe coa Administración na que presta servizos, e cos seus superiores, compañeiros, subordinados e cos cidadáns.

- 2) Segundo o artigo 54 do Real decreto legislativo 5/2015 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, é un principio de conduta inspirado polo código de conduta dos empregados públicos:
 - a) Non administrar os recursos e bens públicos con austeridade e utilizar os mesmos no propio proveito ou de persoas achegadas.
 - b) Manter actualizada a súa formación e cualificación.
 - c) Non observar as normas sobre seguridade e saúde laboral.
 - d) Non tratar con atención e respecto aos cidadáns, aos seus superiores e aos restantes empregados públicos

- 3) Segundo o disposto no artigo 10 do Real decreto legislativo 5/2015 do texto refundido da Lei do estatuto do empregado público, son funcionarios interinos:
 - a) Os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias dos funcionarios de carreira, cando existan prazas vacantes e non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira.
 - b) Os que en virtude do nomeamento legal estean vinculados a unha Administración Pública por unha relación estatutaria regulada polo dereito administrativo para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente.
 - c) Os que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito prestan os seus servizos retribuídos polas Administracións Públicas.
 - d) Os que en virtude do nomeamento e con carácter non permanente, só realizan funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial.

- 4) O Real decreto legislativo 5/2015 polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público establece no seu artigo 10.5 que aos funcionarios interinos:
- Seralles de aplicación o réxime xeral dos funcionarios de carreira e supletoriamente o réxime do persoal laboral.
 - Seralles de aplicación, en canto sexa axeitado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.
 - Seralles de aplicación, en todo caso, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.
 - Seralles de aplicación o réxime xeral do persoal laboral temporal, por ser ambas as dúas relacións de carácter non permanente.
- 5) Segundo o disposto no artigo 48 do Real decreto legislativo 5/2015 do texto refundido da Lei do estatuto do empregado público, o permiso do que poden gozar os funcionarios públicos por matrimonio é de:
- 28 días.
 - 10 días.
 - 15 días.
 - 6 días.
- 6) De acordo co artigo 8.2 do Real decreto legislativo 5/2015 polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público, os empregados públicos clasifícanse en:
- Funcionarios de carreira, funcionarios interinos, persoal laboral e persoal directivo.
 - Funcionarios de carreira, funcionarios interinos, persoal laboral fixo e persoal eventual.
 - Funcionarios de carreira, funcionarios interinos, persoal laboral, ben sexa fixo por tempo indefinido ou temporal, e persoal eventual.
 - Funcionarios de carreira, funcionarios interinos e persoal laboral; no caso deste último pode ser fixo por tempo indefinido ou temporal.
- 7) O Real decreto legislativo 5/2015 polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público, inclúe dentro das clases de empregados públicos ao persoal laboral, que, á súa vez, segundo se dispón no artigo 11, clasifícase, en función da duración do contrato, en:
- Fixo, de duración determinada ou temporal eventual.
 - Fixo, por tempo indefinido ou temporal.
 - Fixo ou temporal.
 - Fixo ou eventual.
- 8) En relación co disposto no artigo 12 do Real decreto legislativo 5/2015 polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público, para o persoal eventual, cal dos seguintes enunciados é incorrecto?
- As leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento deste Estatuto determinarán os órganos de goberno das Administracións Públicas que poderán dispor deste tipo de persoal. O número máximo establecerase polos respectivos órganos de goberno. Este número e as condicións retributivas serán públicas.
 - O nomeamento e cese serán libres. O cese terá lugar, en todo caso, cando se produza o da autoridade á que preste a función de confianza ou asesoramento.
 - A condición de persoal eventual poderá constituír un mérito para o acceso á Función Pública ou para a promoción interna.
 - Ao persoal eventual seralle aplicable, no que sexa axeitado a natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

- 9) A condición de persoal eventual, segundo se define no artigo 12.4 do Real decreto legislativo 5/2015 polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público:
- Non poderá constituír mérito para o acceso á Función Pública pero si para a promoción interna.
 - Non poderá constituír mérito para o acceso á Función Pública ou para a promoción interna.
 - Non poderá constituír mérito para o acceso á Función Pública ou para a promoción interna, agás que así se recolla na correspondente convocatoria.
 - Non poderá constituír mérito para a promoción interna pero si para o acceso á Función Pública.
- 10) Á vista do recollido nos artigos 14 e 15 do Real decreto legislativo 5/2015 polo que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público, cal dos seguintes non é un dereito dos empregados públicos?
- A percibir as retribucións e as indemnizacións por razón do servizo.
 - A negociación colectiva e a participación na determinación das condicións de traballo.
 - A recibir protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.
 - A desenvolver funcións directivas.
- 11) Conforme ao establecido no artigo 15 do Real decreto legislativo 5/2015 polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público, non é un dereito individual exercido colectivamente polos empregados públicos:
- A liberdade sindical.
 - O exercicio de folga.
 - A negociación colectiva.
 - A libre asociación profesional.
- 12) Recoñece o RD legislativo 5/2015 dereitos individuais que se exercen de forma colectiva aos empregados públicos?
- Si, soamente o dereito á folga e de reunión.
 - Non, a totalidade das condicións de traballo dos empregados públicos establécese por lei ou decreto e polo tanto carecen do dereito á negociación colectiva e a participación na determinación das condicións de traballo.
 - Si, o RD legislativo 5/2015 recoñece aos empregados públicos os dereitos á liberdade sindical, á folga, á negociación colectiva e á participación na determinación das condicións de traballo, ao planteamento de conflitos colectivos e o dereito de reunión.
 - Si, o RD legislativo 5/2015 recoñece aos empregados públicos os dereitos á liberdade sindical, de folga, á negociación colectiva e o dereito de reunión, pero os empregados públicos non poden plantear conflitos colectivos.

- 13) Segundo o previsto no artigo 43 do Real decreto legislativo 5/2015 polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público, e os artigos 6 e 7 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto de liberdade sindical, non poden promover a celebración de eleccións a delegados e xuntas de persoal:
- Os sindicatos máis representativos a nivel de comunidade autónoma, cando a unidade electoral afectada estea ubicada no seu ámbito xeográfico.
 - Os sindicatos que obtiveran cando menos unha porcentaxe do 15 por cento na unidade electoral na que se pretenda promover as eleccións.
 - Os funcionarios da unidade electoral, por acordo maioritario.
 - Os sindicatos que, sen ser máis representativos, conseguiran polo menos o 10 por cento dos representantes aos que se refire este Estatuto no conxunto das Administracións Públicas.
- 14) Indica cal destes enunciados é o correcto dentro dos criterios xerais definidos no artigo 44 do Real decreto legislativo 5/2015 polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público para a elección das xuntas de persoal e para a elección de delegados de persoal:
- A elección realizarase mediante, sufraxio directo, que poderá emitirse por correo.
 - A elección realizarase mediante sufraxio persoal, directo e secreto que poderá emitirse de forma presencial ou por correo.
 - A elección realizarase mediante sufraxio persoal, directo, libre e secreto que poderá emitirse por correo ou por outros medios telemáticos.
 - A elección realizarase por sufraxio persoal, directo, libre e secreto que deberá emitirse por correo ou por outros medios telemáticos así definidos.
- 15) De conformidade co disposto no artigo 5 do Real decreto legislativo 2/2015 do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, é un deber básico dos traballadores:
- Concorrer coa actividade da empresa, nos termos fixados na lei.
 - Observar as medidas de prevención de riscos laborais adoptadas.
 - Cumprir as ordes e instrucións do compañeiro no exercicio regular das súas facultades de compañeirismo.
 - Non contribuír á mellora da produtividade.
- 16) No artigo 4 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, defínense os dereitos laborais básicos seguintes. Sinala a resposta incorrecta:
- Traballo e libre elección de profesión ou oficio.
 - Contribución á mellora da produtividade
 - Negociación colectiva.
 - Adopción de medidas de conflito colectivo.
- 17) Segundo o disposto no artigo 3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, en cal destes principios non se basea o réxime xurídico do persoal incluído no ámbito de aplicación desta Lei?
- Avaliación e responsabilidade na xestión.
 - Eficiencia na planificación e xestión dos recursos económicos.
 - Sometemento pleno á lei e ao dereito.
 - Servizo á cidadanía e aos intereses xerais.

- 18) Segundo o disposto no artigo 9 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal laboral ao servizo das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei réxese, ademais de pola lexislación laboral e as normas convencionalmente aplicables, polos preceptos:
- Do convenio colectivo da Administración Xeral do Estado.
 - Da Lei do estatuto dos traballadores.
 - Da Lei de emprego público de Galicia que así o dispoñan.
 - Do Estatuto básico do empregado público.
- 19) Segundo o disposto no artigo 20.2 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia, os empregados públicos clasifícanse en:
- Persoal funcionario de carreira, persoal funcionario interino, persoal directivo e persoal laboral.
 - Persoal funcionario de carreira, persoal funcionario interino, persoal eventual e persoal directivo.
 - Persoal funcionario de carreira, persoal funcionario interino, persoal laboral y persoal eventual.
 - Persoal funcionario, persoal laboral temporal, persoal eventual e persoal directivo
- 20) Segundo o disposto no artigo 21 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, teñen a condición de persoal funcionario de carreira as persoas que, en virtude de nomeamento legal, están vinculadas á Administración Pública por unha relación:
- Estatutaria regulada polo dereito administrativo.
 - Laboral regulada polo dereito administrativo.
 - Pública regulada subsidiariamente polo dereito administrativo.
 - Contractual regulada polo dereito administrativo.
- 21) Segundo o disposto no artigo 23.1 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, teñen a condición de persoal funcionario interino as persoas nomeadas por razóns:
- Expresamente xustificadas de urxencia.
 - De necesidade e urxencia sen necesidade de xustificación.
 - Expresamente xustificadas de necesidade e urxencia.
 - Casualmente xustificadas de necesidade ou urxencia.
- 22) Segundo o disposto no artigo 23.2 a) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, os postos vacantes desempeñados por persoal funcionario interino:
- Deben incluírse sempre na oferta de emprego correspondente ao exercicio no que se produce o seu nomeamento.
 - Deben incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio no que se produce o seu nomeamento e, se non fora posible, na seguinte.
 - Deben incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio posterior daquel no que se produce o seu nomeamento.
 - Deben incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio posterior daquel no que se produce o seu nomeamento e, se non fora posible, na seguinte.

- 23) Segundo o disposto no artigo 23.2 d) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, o nomeamento de persoal funcionario interino por exceso ou acumulación de tarefas debe ser de carácter excepcional e circunstancial, por un prazo:
- Non superior a 12 meses, ampliables ata 6 meses máis.
 - Máximo de 6 meses dentro de un período de 12 meses.
 - Non superior a 3 anos, ampliables ata 12 meses máis.
 - Mínimo de 6 meses dentro dun período de 12 meses
- 24) Segundo o disposto no artigo 23.2 d) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, os nomeamentos de persoal funcionario interino pola circunstancia prevista nesta letra non poden superar en ningún caso:
- O 20% do total do persoal funcionario do centro directivo, nin o 5% do persoal funcionario da Administración de que se trate.
 - O 15% do total do persoal funcionario do centro directivo, nin o 3% do persoal funcionario da Administración de que se trate.
 - O 15% do total do persoal funcionario do centro directivo, nin o 5% do persoal funcionario da Administración de que se trate.
 - O 20% do total do persoal funcionario do centro directivo, nin o 3% do persoal funcionario da Administración de que se trate
- 25) Segundo o disposto no artigo 25.1 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, ao persoal interino aplicaráselle, en canto sexa axeitado á natureza da súa condición:
- O Estatuto básico do empregado público.
 - O convenio colectivo vixente.
 - O réxime xeral do persoal funcionario de carreira.
 - O réxime xeral do persoal laboral.
- 26) Segundo o disposto no artigo 30.1 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, o nomeamento do persoal eventual é:
- Imparcial.
 - Automático.
 - Libre.
 - Permanente.
- 27) Segundo o artigo 31.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, cando o persoal funcionario de carreira acceda a postos de traballo de carácter eventual:
- Terá que permanecer na situación de servizo activo.
 - Poderá optar entre permanecer na situación de servizo activo ou pasar á situación de servizos especiais.
 - Terá que permanecer na situación de servizos especiais.
 - Poderá optar entre permanecer na situación de servizos especiais ou solicitar unha excedencia voluntaria.
- 28) Cal non é un principio informador dos recollidos no artigo 3 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia:
- Sometemento pleno á lei e ao dereito.
 - Avaliación e responsabilidade na xestión.
 - Carreira profesional e promoción interna.
 - Negociación colectiva e participación, a través dos órganos de representación do persoal, na determinación das condicións de emprego.

- 29) Escolla a definición correcta do concepto de empregado público, segundo o disposto do artigo 20.1 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia:
- Son empregados públicos as persoas que desempeñan funcións retribuídas ao servizo dos intereses xerais nas Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei.
 - Son empregados públicos as persoas que desempeñan funcións ao servizo dos intereses xerais nas Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei.
 - Son empregados públicos as persoas que desempeñan funcións ao servizo das Administracións Públicas.
 - Son empregados públicos as persoas que desempeñan funcións profesionais e retribuídas, con carácter fixo ou indefinido, ocupando postos de traballo definidos nas correspondentes relacións de postos de traballo.
- 30) Que persoal funcionario e, no que proceda, que persoal laboral están excluídos do ámbito de aplicación da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, segundo dispón o seu artigo 4?
- O persoal das universidades públicas galegas.
 - O persoal das entidades locais galegas.
 - O persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - O persoal funcionario ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia.
- 31) Segundo o artigo 8.4 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, as universidades, logo da creación de escolas de doutoramento, notificarao:
- Á Consellería de Educación da respectiva Comunidade Autónoma.
 - Á Conferencia Xeral de Política Universitaria.
 - Ao Ministerio de Educación.
 - Ao Consello de Universidades.
- 32) Segundo o artigo 9 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, as unidades de docencia e investigación encargadas de coordinar as ensinanzas dun ou varios ámbitos de coñecemento son:
- As facultades.
 - As escolas.
 - Os institutos universitarios de investigación.
 - Os departamentos
- 33) Segundo o disposto no artigo 9.2 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, a creación, modificación e supresión de departamentos corresponde a:
- Ao reitor.
 - Ao Claustro da universidade.
 - A universidade, conforme aos seus estatutos.
 - Ao Consello de Goberno da Comunidade Autónoma
- 34) Segundo o disposto no artigo 10.1 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, os institutos universitarios de investigación:
- Non poderán organizar e desenvolver programas e estudos de doutoramento.
 - Non poderán organizar e desenvolver programas e estudos de posgrao.
 - Non poderán organizar nin desenvolver programas e estudos de doutoramento e de posgrao.
 - Poderán organizar e desenvolver programas e estudos de doutoramento e de posgrao.

- 35) Segundo o disposto no artigo 10.4 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, a aprobación da adscrición á universidades públicas, como institutos universitarios de investigación, de institucións ou centros de investigación de carácter público ou privado corresponde:
- Á Comunidade Autónoma, previo informe favorable do Consello Social.
 - Ao Consello de Goberno da universidade, previo informe favorable do Consello Social.
 - Á Comunidade Autónoma, previo informe favorable da Conferencia Xeral de Política Universitaria.
 - Ao Consello de Goberno da Universidade, previo informe favorable da Conferencia Xeral de Política Universitaria.
- 36) Segundo o disposto no artigo 11.1 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, a adscrición mediante convenio a unha universidade pública de centros docentes de titularidade pública ou privada para impartir estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional requirirá a aprobación:
- Da Comunidade Autónoma.
 - Do Goberno.
 - Do Consello de Goberno da universidade
 - Do Consello Social.
- 37) Segundo establece a Lei orgánica 6/2001 de universidades no seu artigo 11, a adscrición mediante convenio a unha universidade pública de centros docentes de titularidade privada para impartir estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional requirirá:
- Da sinatura dun convenio entre a universidade pública e a privada implicadas.
 - Da autorización do Goberno, a proposta do Consello de Universidades.
 - Da aprobación da Comunidade Autónoma, a proposta do Consello de Goberno da universidade, previo informe favorable do seu Consello Social.
 - Da autorización por parte da Comunidade Autónoma.
- 38) A docencia é un dereito e un deber dos profesores das Universidades que exercerán con liberdade de cátedra. Que límites establece a Lei orgánica 6/2001 de universidades no seu artigo 33?
- Os así establecidos nos estatutos de cada Universidade.
 - Os establecidos na Constitución Española.
 - Os establecidos na Constitución e nas leis e os derivados da organización das ensinanzas nas súas universidades.
 - Os establecidos na Constitución e nas leis.
- 39) Segundo o artigo 35.1 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, os títulos universitarios de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional, serán expedidos por:
- O ministro de Educación.
 - O reitor da universidade.
 - O Goberno.
 - A Comunidade Autónoma.

- 40) Segundo o artigo 35.2 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, para impartir ensinanzas oficiais e expedir os correspondentes títulos oficiais, con validez en todo o territorio nacional, as universidades deberán posuír a autorización pertinente de:
- A Comunidade Autónoma.
 - A Conferencia Xeral de Política Universitaria.
 - O Ministerio de Educación.
 - O Consello de Universidades.
- 41) Segundo o artigo 35.3 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, a verificación do plan de estudos dun título oficial, outorga:
- A Comunidade Autónoma.
 - O Goberno.
 - O Consello Social.
 - O Consello de Universidades.
- 42) Segundo o disposto no artigo 35.4 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, unha vez aprobado o carácter oficial do título universitario ordenarase a publicación do plan de estudos correspondente no Boletín Oficial do Estado e no diario oficial da comunidade autónoma, por:
- O rei.
 - O reitor.
 - O Goberno.
 - A Comunidade Autónoma
- 43) Segundo o artigo 36 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, o Goberno regulará as condicións para validar, para os efectos académicos, a experiencia laboral ou profesional, previo informe:
- Do Consello Social.
 - Do Consello de Universidades.
 - Da Conferencia Xeral de Política Universitaria.
 - Da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación
- 44) Segundo o disposto no artigo 37 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, as ensinanzas universitarias estruturaránse en:
- 3 ciclos: grao, máster e doutoramento.
 - 3 ciclos: grao, posgrao e doutoramento.
 - 3 ciclos: grao, posgrao e máster.
 - 2 ciclos: grao e posgrao
- 45) Segundo o artigo 38 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, os estudos de doutoramento organizaránse e realizaránse na maneira que determinen os estatutos, segundo os criterios que para a obtención do título de Doutor aprobe o Goberno, previo informe:
- Do Consello Social da universidade.
 - Do Consello de Universidades.
 - Da Conferencia Xeral de Política Universitaria.
 - Da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación

- 46) Segundo o disposto na Lei orgánica 6/2001 de universidades, a quen lle corresponde determinar os requisitos básicos para a creación e, de ser o caso, mantemento dos centros e estruturas das universidades públicas?
- a) Á Comunidade Autónoma correspondente.
 - b) Ao Goberno.
 - c) Ao Goberno, previo informe da Conferencia Xeral de Política Universitaria e do Consello de Universidades.
 - d) Ao Consello de Universidades.
- 47) Na aplicación Microsoft Word 2010, cal é a ubicación predeterminada da barra de ferramentas de acceso rápido?
- a) A esquina inferior esquerda.
 - b) A esquina superior esquerda.
 - c) A parte superior da cinta de opcións.
 - d) A parte inferior da cinta de opcións.
- 48) Na aplicación Microsoft Word 2010, a barra na que se amosa a páxina actual, o idioma e os botóns de visualización do documento, así como tamén unha barra de desprazamento que permite aplicar zoom á páxina, denomínase barra de:
- a) Ferramentas.
 - b) Inicio.
 - c) Estado.
 - d) Tarefas.
- 49) Na aplicación Microsoft Word 2010, a lapela que contén as seguintes accións: *Gardar, Abrir, Pechar, Novo, Imprimir*, chámase:
- a) Arquivo.
 - b) Inicio.
 - c) Inserir.
 - d) Vista.
- 50) Na aplicación Microsoft Word 2010, o grupo *encabezado e pé de páxina* atópase na lapela:
- a) Arquivo.
 - b) Deseño de páxina.
 - c) Inserir.
 - d) Vista.
- 51) Na aplicación Microsoft Word 2010, o botón *Ortografía e gramática*, atópase na lapela:
- a) Arquivo.
 - b) Inserir.
 - c) Revisar.
 - d) Vista.
- 52) Na aplicación Microsoft Word 2010, o botón *Copiar formato*, atópase na lapela:
- a) Arquivo.
 - b) Inserir.
 - c) Inicio.
 - d) Vista.

- 53) Na aplicación Microsoft Word 2010, para intercambiar marxes, temos que seleccionar a lapela:
- Arquivo.
 - Inserir.
 - Deseño de páxina.
 - Vista.
- 54) Na aplicación Microsoft Word 2010, a combinación de correspondencia iníciase dende a lapela:
- Inicio.
 - Inserir.
 - Vista.
 - Ningunha das opcións anteriores é correcta.
- 55) Na aplicación Microsoft Word 2010, se queremos copiar un texto que temos seleccionado previamente temos que pulsar a combinación de teclas:
- Ctrl + V.
 - Ctrl + C.
 - Ctrl + X.
 - Ctrl + Z
- 56) Na aplicación Microsoft Word 2010, cal é a combinación de teclas que nos permite desprazarnos de xeito rápido ata o final do documento?:
- A combinación de teclas Ctrl + flecha dereita.
 - A Tecla RePag .
 - A Tecla Inicio .
 - A combinación de teclas Ctrl + Fin.
- 57) Na aplicación Microsoft Word 2010, para que serve o botón de inicio rápido?
- Para abrir o Word rapidamente.
 - Para abrir un documento dun xeito máis rápido.
 - Para engadir botóns de acceso rápido na esquina superior esquerda da contorna.
 - Non existe ese botón.
- 58) Na aplicación Microsoft Word 2010, para que nos serviría inserir unha viñeta?
- Serven para listar e enumerar símbolos gráficos, cun símbolo ou cunha numeración
 - Serven para listar e enumerar parágrafos, cun símbolo ou cunha numeración.
 - As viñetas serven para facer comics en Word.
 - As viñetas serven para configurar parágrafos iguais.
- 59) Na aplicación Microsoft Word 2010, podemos seleccionar rapidamente un parágrafo:
- Situámonos co rato a esquerda do parágrafo e cando o cursor se convirta nunha frecha facemos dobre clic co rato.
 - Situámonos co rato a dereita do parágrafo e cando o cursor se convirta nunha frecha facemos dobre clic co rato.
 - Situámonos enriba do parágrafo e facemos dobre clic co rato.
 - Situámonos co rato a esquerda do parágrafo e cando o cursor se convirta nunha frecha facemos un clic co rato.

- 60) Na aplicación Microsoft Word 2010, respecto da imaxe en relación coa súa posición no texto:
- Temos que deixar un oco entre o texto para inserir a imaxe.
 - Só podemos mover a imaxe para que quede entre o texto.
 - Temos moitas opcións para encadrar a imaxe, incluíndo diante do texto, detrás, transparente.
 - Sempre irán ao principio ou final da páxina.
- 61) Segundo o parágrafo 1 do artigo 171 do Decreto 14/2014 polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (USC), ante quen presenta o reitor as liñas xerais do orzamento?
- Consello de Goberno.
 - Claustro Universitario.
 - Consello Social.
 - O seu equipo de goberno.
- 62) Segundo o disposto no parágrafo 2 do artigo 171 do Decreto 14/2014, polo que se aproban os Estatutos da USC, quen aproba o orzamento da USC?
- O Claustro Universitario.
 - O Consello de Goberno.
 - O Consello Social.
 - A Xunta de Galicia.
- 63) Segundo o disposto no artigo 38 do Decreto 14/2014, polo que se aproban os Estatutos da USC, de quen depende organicamente o persoal de administración e servizos da USC?
- Do reitor.
 - Do vicerreitor con competencias en materia de persoal.
 - Do xerente.
 - Da dirección do centro, departamento ou servizo.
- 64) Segundo o parágrafo 1 do artigo 41 do Decreto 14/2014, polo que se aproban os Estatutos da USC, quen aproba a relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos da USC?
- O Consello Social a proposta do Consello de Goberno.
 - O Consello de Goberno co informe do Consello Social.
 - A Xerencia despois da negociación cos órganos de representación do persoal.
 - O reitor a proposta da Xerencia.
- 65) Segundo se recolle no artigo 70 do Decreto 14/2014 polo que se aproban os Estatutos da USC, teñen a consideración de altos cargos:
- Unicamente o reitor e os vicerreitores.
 - Unicamente o reitor.
 - O reitor, os vicerreitores, o secretario xeral, o secretario xeral adxunto e o xerente.
 - O reitor, os vicerreitores, o secretario xeral e o xerente

- 66) Segundo o disposto no parágrafo 1 do artigo 74 do Decreto 14/2014, polo que se aproban os Estatutos da USC, o Consello Social é:
- O máximo órgano de representación da comunidade universitaria.
 - O órgano de participación da sociedade na universidade.
 - O órgano de Goberno da Universidade.
 - Nas universidades non existen os consellos sociais.
- 67) Segundo o disposto no parágrafo 2 do artigo 75 do Decreto 14/2014, polo que se aproban os Estatutos da USC, cantos membros do Sector III (alumnado matriculado en titulacións oficiais) forman parte do Claustro Universitario?
- 50.
 - 11.
 - 10.
 - 28.
- 68) O Claustro Universitario é o máximo órgano representativo da comunidade universitaria e estará composto, segundo se recolle no artigo 75.2 do Decreto 14/2014 polo que se aproban os Estatutos da USC, por:
- O reitor, o secretario xeral, o xerente, os vicerreitores e 300 representantes dos diversos sectores da comunidade universitaria.
 - O reitor, o secretario xeral, que o será tamén do Claustro, o xerente, os vicerreitores e 300 representantes dos diversos sectores da comunidade universitaria.
 - O reitor, que o presidirá, o secretario xeral, que o será tamén do Claustro, o xerente, os vicerreitores e 300 representantes dos diversos sectores da comunidade universitaria.
 - O reitor, que o presidirá, o secretario xeral, que o será tamén do Claustro, o xerente e 300 representantes dos diversos sectores da comunidade universitaria.
- 69) Segundo o artigo 77 do Decreto 14/2014, polo que se aproban os Estatutos da USC, a quen corresponde a elaboración e modificación dos Estatutos da USC?
- Ao reitor.
 - Ao Claustro Universitario.
 - Ao Consello de Goberno.
 - Ao Consello social.
- 70) Segundo o artigo 79 do Decreto 14/2014, polo que se aproban os Estatutos da USC, cantos membros do persoal de administración e servizos forman parte do Consello de Goberno da USC?
- 5.
 - 9.
 - 4.
 - 2.
- 71) Segundo o disposto no artigo 81 do Decreto 14/2014, polo que se aproban os Estatutos da USC, quen aproba os sistemas xerais de avaliación dos centros departamentos, institutos, escolas de doutoramento e servizos da universidade e do seu persoal?
- O reitor.
 - O xerente.
 - O Claustro Universitario.
 - O Consello de Goberno.

- 72) Cal das seguintes non é unha competencia do Consello de Goberno recollidas no artigo 81 do Decreto 14/2014 polo que se aproban os Estatutos da USC?
- a) Crear escalas de persoal de administración e servizos non recollidas nos presentes Estatutos e establecer o seu réxime retributivo.
 - b) Aprobar os plans de estudo, logo do informe da comisión correspondente do Claustro.
 - c) Aprobar a normativa das licencias por estudos do persoal docente e investigador da universidade e decidir sobre a súa concesión.
 - d) Nomear ao reitor da Universidade.
- 73) Segundo o disposto no artigo 89 do Decreto 14/2014, polo que se aproban os Estatutos da USC, a recepción e custodia das actas de cualificación dos estudantes da USC é función de:
- a) O reitor.
 - b) O secretario xeral.
 - c) O vicerreitor competente na materia.
 - d) O xerente.
- 74) Segundo o disposto no artigo 91 do Decreto 14/2014, polo que se aproban os Estatutos da USC, correspóndelle ao xerente da USC:
- a) A conservación, ordenación e xestión da parte administrativa do Arquivo Universitario e a custodia do selo oficial da USC.
 - b) Dirixir e coordinar os servizos económicos e administrativos da USC.
 - c) A expedición dos títulos de carácter oficial ou propios outorgados pola USC.
 - d) A sinatura de convenios en nome da Universidade.
- 75) Segundo se recolle no artigo 12.4 do Decreto 14/2014 polo que se aproban os Estatutos da USC o número de persoal docente e investigador contratado, computado en equivalencias a tempo completo, non pode superar o número total do persoal docente e investigador da Universidade nun:
- a) 45%
 - b) 40%
 - c) 49%
 - d) 43%
- 76) Segundo o disposto no artigo 17 do Decreto 14/2014, polo que se aproban os Estatutos da USC, a dedicación do persoal docente e investigador será preferentemente:
- a) A tempo parcial.
 - b) A tempo completo.
 - c) 8 horas ao día.
 - d) Non ten dedicación establecida.
- 77) Segundo se dispón no artigo 13 do Decreto 14/2014 polo que se aproban os Estatutos da USC, cal das seguintes categorías non posúe plena capacidade investigadora?
- a) O profesorado emérito.
 - b) O profesorado titular de universidade.
 - c) O profesorado contratado doutor.
 - d) O profesorado colaborador.

- 78) Segundo o disposto no artigo 21.2 do Decreto 14/2014 polo que se aproban os Estatutos da USC, a quen lle corresponde determinar a creación de prazas nos corpos de persoal docente e investigador funcionario?
- Ao reitor.
 - Ao Consello Social.
 - Ao Consello de Goberno.
 - Ao vicerreitor competente na materia.
- 79) Segundo se dispón no artigo 21.7 do Decreto 14/2014 polo que se aproban os Estatutos da USC, as reclamacións contra as resolucións dos concursos de acceso a persoal docente e investigador funcionario serán valoradas por unha comisión de reclamacións elixida por:
- O reitor.
 - O equipo reitoral
 - O Consello de Goberno
 - O Claustro Universitario
- 80) Dedícalle o artigo 28 do Decreto 14/2014, polo que se aproban os Estatutos da USC, os seus apartados ao profesorado emérito, dispoñendo o apartado dous que a duración dos seus contratos será:
- De tres anos prorrogables por dous máis.
 - De dous anos prorrogables por tres máis.
 - De seis anos.
 - Dunha duración máxima de cinco anos
- 81) Segundo o disposto no artigo 45 do Decreto 14/2014 polo que se aproban os Estatutos da USC, que órgano aproba as liñas xerais do Plan Xeral de Formación para o persoal de administración e servizos?
- O xerente.
 - O reitor.
 - O Consello de Goberno a proposta da Xerencia.
 - A Comisión de Formación.
- 82) En relación ás resolucións do reitor e os acordos do Claustro Universitario, do Consello de Goberno e do Consello Social, que sinala o artigo 73 do Decreto 14/2014 polo que se aproban os Estatutos da USC?
- Que non esgotan a vía administrativa.
 - Que esgotan parcialmente a vía administrativa.
 - Que esgotan a vía administrativa e son impugnables directamente perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.
 - Que só esgotan a vía administrativa se xerasen indefensión.
- 83) Cal das seguintes non é unha competencia do Claustro Universitario segundo recolle o artigo 78 do Decreto 14/2014 polo que se aproban os Estatutos da USC?
- A deliberación do informe anual do reitor.
 - A aprobación das liñas xerais da programación plurianual e dos orzamentos.
 - A creación, modificación e supresión dos departamentos e decidir a súa adscrición aos centros.
 - A aprobación do Estatuto do estudantado da USC.

- 84) Segundo o recollido no artigo 93 do Decreto 14/2014 polo que e aproban os Estatutos da USC, cal dos seguintes non é un órgano de goberno das facultades e escolas da USC?
- A Xunta de Facultade ou de Escola.
 - O decano ou o director.
 - O responsable de Unidade de Apoio a Centros e Departamentos.
 - O secretario.
- 85) Segundo o disposto no artigo 30.1 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, un prazo sinalado por horas:
- Contan todas as horas do día, sen que se teña en conta se o día é hábil ou inhábil.
 - Terán que ter sempre unha duración inferior a 12 horas.
 - Terán que ter unha duración superior a 24 horas.
 - Non poderán ter unha duración superior a 24 horas.
- 86) O artigo 3 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas sinala que teñen capacidade de obrar:
- As persoas físicas ou xurídicas que ostenten capacidade de obrar con arranxo ás normas civís.
 - Os menores de idade para o exercicio e defensa de aqueles dos seus dereitos e intereses cuxa actuación está permitida polo ordenamento xurídico sen a asistencia da persoa que exerza a patria potestade, tutela ou curatela. Exceptúase o suposto dos menores incapacitados, cando a extensión da incapacitación afecte ao exercicio e defensa dos dereitos ou intereses dos que se trate.
 - Cando a lei o declare expresamente, os grupos de afectados, as unións e entidades sen personalidade xurídica e os patrimonios independentes ou autónomos.
 - Todas as respostas anteriores son correctas.
- 87) Segundo o artigo 4 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas considéranse interesados no procedemento administrativo:
- Soamente os titulares de intereses lexítimos individuais.
 - Os que, sen ter iniciado o procedemento, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que nel se adopte.
 - Calquera organización que se persoe no procedemento en tanto non teña recaído resolución definitiva.
 - Todas as anteriores son correctas.
- 88) En que supostos especificados no artigo 5.3 de la Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas é necesario acreditar a representación?
- Renunciar a dereitos.
 - Desistir de accións.
 - Interpoñer recursos.
 - Todas as respostas anteriores son correctas.
- 89) Os documentos que os interesados dirixan aos órganos das Administracións Públicas poderán presentarse segundo o disposto no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas:
- No rexistro electrónico da Administración á que se dirixan.
 - Nas oficinas de correos.
 - Nas oficinas de asistencia en materia de rexistros.
 - Todas as anteriores son correctas.

- 90) A Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas establece no seu artigo 21 que a Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación. En que prazo está obrigada a Administración a notificar a resolución expresa?
- O prazo máximo no que debe notificarse resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento.
 - Quince días.
 - Trinta días hábiles.
 - Un mes, salvo que unha norma con rango de lei estableza un prazo maior ou así veña previsto no Dereito da Unión Europea.
- 91) Cando o interesado ou o seu representante rexeiten a notificación dunha situación administrativa, que efectos terá no procedemento, segundo o disposto no artigo 41.5 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas?
- A caducidade do procedemento.
 - Farase constar no expediente, especificándose as circunstancias do intento de notificación e o medio, dando por efectuado o trámite e seguíndose o procedemento.
 - O arquivo das actuacións.
 - Repetirase o intento de notificación por unha soa vez e nunha hora distinta dentro dos tres días hábiles seguintes.
- 92) Cal dos seguintes actos non está recollido no artigo 47 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas como nulo de pleno dereito?
- Os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder.
 - Os que teñan un contido imposible.
 - Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou o territorio.
 - Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta.
- 93) As medidas provisionais que adopten os órganos competentes para resolver un procedemento a teor do disposto pola Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas no artigo 56.1 deberán de adoptarse de acordo cos principios de:
- Proporcionalidade, efectividade e menor onerosidade.
 - Proporcionalidade e onerosidade.
 - Proporcionalidade, efectividade e exemplaridade.
 - Proporcionalidade, efectividade e supletoriedade.
- 94) Segundo dispón a Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas no seu artigo 58, os procedementos iniciaranse de oficio:
- Por acordo do órgano competente
 - A petición doutros órganos
 - Por denuncia
 - Son correctas as opcións a), b) e c)

- 95) Segundo o recollido no artigo 66 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, as solicitudes de iniciación do procedemento por parte do interesado deberán conter. Sinale a incorrecta:
- Feitos, razóns e peticións en que se concrete, con toda claridade, a solicitude.
 - Lugar e data.
 - A designación dun asesor se así o considera conveniente para a defensa dos seus intereses.
 - Nome e apelidos do interesado e, de ser o caso, da persoa que o represente.
- 96) Iniciado un procedemento a solicitude do interesado, cando se verifique que a dita solicitude non reúne os requisitos sinalados nos artigos 66 e 67 da LPAC ou outros esixidos pola lexislación aplicable, que prazo terá o interesado para reparar ou acompañar os documentos preceptivos?
- 15 días hábiles.
 - 15 días naturais.
 - 10 días, con indicación de que, se así non o fixese, considerarase que desiste da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no art. 21 da LPAC.
 - 20 días.
- 97) Segundo o artigo 80 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os informes serán, salvo disposición expresa en contrario:
- Preceptivos e vinculantes.
 - Preceptivos e non vinculantes.
 - Facultativos e non vinculantes.
 - Preceptivos se deben de ser emitidos por unha Administración Pública distinta da que tramita o procedemento.
- 98) En que supostos a Administración poderá absterse de resolver un procedemento segundo o disposto no artigo 88.5 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas?
- En ningún caso.
 - Cando os preceptos legais aplicables ao caso sexan insuficientes.
 - Cando as solicitudes sexan manifestamente carentes de fundamento.
 - Cando se dera o caso de solicitudes de recoñecemento de dereitos non previstos no ordenamento xurídico.
- 99) Cando son recorribles en vía administrativa os actos de trámite, segundo o disposto no artigo 112.1 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas?
- Todos os actos de trámite son recorribles.
 - Cando determine a imposibilidade de continuar o procedemento.
 - Os que non decidan o fondo do asunto.
 - Todas as anteriores son correctas
- 100) Que prazo establece o artigo 124.1 da Lei 39/2015 del procedemento administrativo común das Administracións Públicas para a interposición do recurso de reposición contra actos administrativos expresos?
- Tres meses.
 - Un mes.
 - Quince días hábiles
 - Vinte días naturais

PREGUNTAS DE RESERVA

- 101) Segundo o parágrafo 5 do artigo 39 do Real decreto legislativo 5/2015 do texto refundido da Lei do estatuto do empregado público, cada xunta de persoal está composta por un número de representantes en función do número de funcionarios da unidade electoral correspondente. Sinale a resposta correcta:
- De 50 a 100 funcionarios, 9.
 - De 101 a 250 funcionarios, 13.
 - De 251 a 500 funcionarios, 15.
 - De 501 a 750 funcionarios, 17.
- 102) Segundo o disposto no artigo 8 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario de Administración e servizos das universidades públicas galegas réxese pola presente lei en :
- Todo o que estea expresamente regulado polo Estatuto básico do emprego público e as súas disposicións de desenvolvemento.
 - Todo o que estea expresamente regulado pola lexislación orgánica de universidades e as súas disposicións de desenvolvemento.
 - Todo o que non estea expresamente regulado pola lexislación orgánica de universidades e as súas disposicións de desenvolvemento.
 - Todo o que non estea expresamente regulado polo Estatuto básico do emprego público e as súas disposicións de desenvolvemento.
- 103) Segundo o artigo 7 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades:
- As universidades públicas e privadas estarán integradas por escolas, facultades, departamentos, institutos universitarios de investigación e por aqueloutros centros ou estruturas necesarios para o desempeño das súas funcións.
 - As universidades públicas estarán integradas por escolas, facultades, departamentos, institutos universitarios de investigación, escolas de doutoramento e por aqueloutros centros ou estruturas necesarios para o desempeño das súas funcións.
 - As universidades públicas estarán integradas por escolas, facultades, departamentos, institutos universitarios de investigación e por aqueles outros centros ou estruturas que decida crear o Consello de Universidades.
 - As universidades públicas estarán integradas por facultades, departamentos e por aqueloutros centros ou estruturas necesarios para o desempeño das súas funcións
- 104) Segundo o disposto no parágrafo 3 do artigo 174 do Decreto 14/2014, polo que se aproban os Estatutos da USC, quen aproba a incorporación de remanentes?
- O Consello de Goberno.
 - O reitor.
 - O xerente.
 - O vicerreitor con competencias en materia económica.

- 105) A Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas regula, no seu artigo 13, os dereitos da persoa nas súas relacións coas Administracións Públicas. Indique cal dos seguintes está recollido no artigo 13:
- a) Dereito a comunicarse coas Administracións Públicas a través dun Punto de acceso xeral electrónico da Administración.
 - b) Dereito a non presentar documentos orixinais.
 - c) Dereito á presunción de non existencia de responsabilidade administrativa mentres non se demostre o contrario.
 - d) A cumprir as obrigas de pagamento a través dos medios electrónicos previstos no artigo 98.2